

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o devandito acordo, de conformidade co artigo 169.1 do citado texto legal.

Lugo, 29 de novembro de 2019.- A EXCMA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE LUGO, Lara Méndez López.

R. 3667

PARADELA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PARADELA.

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de novembro do 2019, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Paradelas, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa pública de Servizos Agrarios, SA), ao abeiro do convenio ao que este concello está adherido, subscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O citado plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal [<https://www.paradela.es>], computándose o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados. O plan estará exposto fisicamente, durante o mencionado prazo, nas oficinas da casa do concello, en horario de 9:00 a 14:30 horas.

Paradela, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 3668

Anuncio

O Pleno deste Concello aprobou inicialmente, na sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2019, o **Regulamento de funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Paradelas, así como da ordenanza fiscal reguladora do prezo público**, en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e o artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e sexan presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo ata entón provisional.

Paradela, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 3669

SARRIA

Anuncio

Expediente núm.: 1614/2019

Procedemento: Modificación artigo 3 apartado 3 da OF IBI

PUBLICACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI

O Pleno do Concello de Sarria na sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2019 acordou a aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (artigo 3, apartado terceiro) expediente 1614/2019, que someteuse, en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a información pública polo prazo de trinta días hábiles para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimasen oportunas.